



XUNTA
DE GALICIA

20
24

**INFORME DE
PRESTACIÓN
PERIÓDICA PARA
MULLERES QUE
SOFREN VIOLENCIA
DE XÉNERO**

INFORME 2024 | PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS	6
3. RESUMO DA PRESTACIÓN	10
4. ESTUDO DE SEGUIMENTO	14
4.1. Análise da prestación no período 2006 - 2024	14
Orzamento da prestación	14
Evolución do número de solicitudes	18
Evolución do número de concesións	21
4.2. Análise dos resultados da convocatoria no ano 2024	25
Prestacións concedidas	26
Solicitudes denegadas e desistidas	31
Acreditación da situación de violencia de xénero	32
Idade das beneficiarias	33
Beneficiarias con discapacidade	34
Situación familiar das beneficiarias	36
Situación laboral e económica das beneficiarias	39
Lugar de residencia das beneficiarias	41
Nacionalidade das beneficiarias	44
Tipoloxía da violencia sufrida	46
4.3. Análise comparativa dos resultados das convocatorias 2023 e 2024	49
5. CONCLUSIÓNS	59

ÍNDICE DE GRÁFICAS

Gráfica 1. Evolución do orzamento no período 2006 - 2024	17
Gráfica 2. Evolución do número de solicitudes no período 2006 - 2024.....	18
Gráfica 3. Evolución do número de solicitudes por provincia no período 2006 – 2024	19
Gráfica 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes no período 2006 – 2024.....	21
Gráfica 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período 2006 - 2024	22
Gráfica 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia no período 2006 – 2024	23
Gráfica 7. Número de solicitudes, concesións e denegacións por provincia no ano 2024	26
Gráfica 8. Número de solicitudes e concesións por provincia no ano 2024.....	27
Gráfica 9. Porcentaxe de concesións da prestación periódica por provincias no ano 2024.....	28
Gráfica 10. Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia, con respecto ao total de prestacións no ano 2024.....	29
Gráfica 11. Porcentaxe de concesións segundo as solicitudes recibidas por provincia no 2024.....	29
Gráfica 12. Prestacións concedidas por provincia e exercicio económico.....	30
Gráfica 13. Resolucións desfavorables segundo a causa de denegación/desistencia da solicitude no ano 2024	31
Gráfica 14. Solicitudes desfavorables por motivo de denegación/desistencia e por provincia no ano 2024.....	32
Gráfica 15. Acreditación da situación de violencia de xénero.....	32
Gráfica 16. Porcentaxe de beneficiarias da prestación por tramo de idade.....	34
Gráfica 17. Porcentaxe de beneficiarias con discapacidade por provincia no ano 2024	35
Gráfica 18. Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias no ano 2024.....	36
Gráfica 19. Beneficiarias por número de fillas/os menores a cargo no ano 2024.....	37
Gráfica 20. Porcentaxe total de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2024.....	38
Gráfica 21. Número de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2024.....	39
Gráfica 22. Porcentaxe de mulleres empregadas e desempregadas por provincia no ano 2024.....	40

Gráfica 23. Número de beneficiarias segundo o nivel de ingresos e provincia no ano 2024.....	41
Gráfica 24. Beneficiarias residentes nas cidades galegas máis poboadas no ano 2024	42
Gráfica 25. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización e concello no ano 2024.....	43
Gráfica 26. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización por provincias no ano 2024.....	44
Gráfica 27. Tipoloxía da violencia sufrida no ano 2024	46
Gráfica 28. Número de solicitudes e concesións por provincia, comparativa 2023 - 2024.....	49
Gráfica 29. Porcentaxe de beneficiarias que acreditan discapacidade.....	52
Gráfica 30. Porcentaxe de fillos/as de beneficiarias con discapacidade	53
Gráfica 31. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización, comparativa 2023 - 2024.....	56

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico 2006 – 2024	16
Táboa 2. Evolución do número de concesións por provincia no período 2006 – 2024	24
Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia no ano 2024.....	33
Táboa 4. Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores a cargo no ano 2024	36
Táboa 5. Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen no ano 2024.....	40
Táboa 6. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2024.....	44
Táboa 7. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2024 segundo países	45
Táboa 8. Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2024.....	47
Táboa 9. Beneficiarias vítimas de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2024	48
Táboa 10. Medio de acreditación da condición de violencia de xénero	50
Táboa 11. Número de beneficiarias con fillas/os a cargo, comparativa 2023 - 2024	54
Táboa 12. Situación laboral das mulleres beneficiarias, comparativa 2023 – 2024	55

INFORME 2024

PRESTACIÓN PERÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

1. INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos, as administracións públicas, en todos os seus niveis e ámbitos de actuación, mostraron un firme compromiso na loita contra calquera acto, conduta ou comportamento machista que fomente a desigualdade entre homes e mulleres, así como entre nenos e nenas. Con todo, manifestar este compromiso de maneira decidida non é suficiente para afrontar de forma completa este reto.

Cada organismo, tanto a nivel europeo como nacional ou autonómico, establece, dentro das súas competencias, a normativa necesaria para loitar contra a violencia de xénero en todas as súas formas dentro dun Estado de Benestar pleno, no que se garanta unha contorna igualitaria entre homes e mulleres, nenos e nenas, libre de calquera manifestación de violencia machista: física, psicolóxica, económica, emocional, etc.

Para iso, **é esencial fortalecer os mecanismos e ferramentas existentes no ámbito da violencia de xénero, que apoian e facilitan a recuperación das vítimas**, entendendo como tales non só ás mulleres que sofren violencia, senón tamén a súa contorna: fillos e fillas, persoas ao seu cargo, proxenitores da vítima, etc. É evidente que en cada caso de violencia de xénero ou machista xorde un entorno de vulnerabilidade no que o proceso e as ferramentas de axuda e apoio son fundamentais.

A Xunta de Galicia traballou no deseño de mecanismos legais, económicos e sociais que actúan desde unha perspectiva global, tanto na prevención como na loita activa contra as situacións de violencia de xénero que, aínda hoxe, seguen presentes.

Unha das medidas que reflicte este compromiso é o cumprimento do disposto no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152 do 7 de agosto de 2007), que establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantiría a existencia dunha prestación económica periódica dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e estará orientada a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto ao seu agresor, ou á persoa que exercera sobre a vítima unha relación de dominio, axudando tamén a romper a situación de violencia. Así, a prestación periódica xorde co obxectivo de proporcionar un apoio económico ás vítimas, posibilitar a independencia económica respecto ao agresor e romper coa dinámica de violencia.

A través da elaboración deste informe, dáse cumprimento á disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece a obriga da Xunta de Galicia de remitir ao Parlamento Galego un informe anual sobre a prestación económica periódica para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

2. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

A conciencia social sobre a problemática da violencia de xénero está a medrar de xeito notable no noso país, o que se debe, en gran medida, ao traballo desenvolvido polas administracións públicas, as institucións e a cidadanía en xeral. Este é un proceso no que tanto o Estado como as Comunidades Autónomas, dentro das súas competencias, levaron a cabo a creación de lexislación específica ao respecto.

A **Organización das Nacións Unidas** (ONU), coas súas iniciativas, comezou un camiño imparabile a favor da igualdade de xénero. Entre os seus marcos lexislativos máis significativos están a Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 e o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979. Tamén se destacaron a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller en 1993 e a Declaración de Beijing en 1995.

A **Unión Europea** tamén adoptou lexislación relevante neste ámbito. Entre as súas medidas, destacan:

- A Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).
- A Resolución do Consello, do 20 de outubro de 2003, sobre iniciativas para loitar contra trata de seres humanos, en particular, das mulleres.
- O Convenio do Consello de Europa, do 16 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia).
- As Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas, adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1).

- O Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno, o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.
- O Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, do 11 de maio de 2011, (Convenio de Istambul).
- A Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- A Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.
- A Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.
- O Regulamento (UE) n.º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.
- O Convenio da Organización Internacional do Traballo sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo, asinado en Xenebra o 21 de xuño de 2019.
- A Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025.
- O Informe anual da Comisión Europea sobre a igualdade de xénero na Unión Europea, ano 2023.

- A Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (marzo, 2022).

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica, pero foi a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a que marcará un fito histórico, ao establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- A Lei orgánica 3/2007, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- O Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- O Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.
- A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.
- O Real decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- A Lei 1/2021, do 24 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

No ano 2022 entrou en vigor a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, co obxectivo de promover a prevención da violencia sexual e garantir os dereitos das vítimas.

Galicia conta desde o ano 2007 coa súa propia lexislación en materia de violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo. É tamén de aplicación a Lei

7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que no seu Título I inclúe no tratamento transversal da dimensión de xénero a garantía da dignidade das mulleres, con especial incidencia na adopción de accións tendentes a erradicar todas as formas de violencia contra a muller, de violencia sexual e de violencia de xénero.

Co fin de mellorar a resposta e proporcionar protección e apoio ás diferentes realidades e situacións de violencia nas que se atopan as mulleres, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, foi modificada por varias leis posteriores, así, a Lei 12/2016, do 22 de xullo, introduce como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual; a Lei 14/2021, do 20 de xullo, recoñece como forma de violencia de xénero a violencia vicaria; e a Lei 15/2021, do 3 de decembro, introduce a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller.

Coa finalidade de incluír a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as vítimas de explotación sexual como potenciais beneficiarias da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, o artigo 40 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 30 de decembro de 2022, modificou o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, engadíndolle unha nova liña i) ao artigo 3, no que se inclúe a explotación sexual como unha nova forma de violencia de xénero.

3. RESUMO DA PRESTACIÓN

Mediante Resolución do 14 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2024.

Os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- a) **Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor**, ou no caso de **vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación**. Para os efectos desta axuda, tamén terán a consideración de **vítimas de violencia de xénero as mulleres que padecesen violencia vicaria** ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.
- b) **Ter cesado a convivencia co agresor ou a vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**. O intervalo temporal establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”. Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.
- c) **Presentar o documento acreditativo da situación de violencia de xénero adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude**. Este intervalo temporal non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita

persoa” co resultado de morte. Os documentos acreditativos da condición de vítima son os seguintes:

- **Orde de protección ou medida cautelar** que **deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución da axuda.**
- **Sentenza de calquera orde xurisdiccional** que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou vítima de explotación sexual.
- **Informe do Ministerio Fiscal** que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou vítima de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.
- **Informe das Forzas e Corps de Seguridade** que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, violencia de xénero, ou de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.
- **Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local** no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación, respectivamente.
- **Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local** no que recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación, respectivamente.

- d) **Estar empadroadada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia** e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
- e) **Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser estes de contía insuficiente** para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- f) Non poderán ser persoas beneficiarias da axuda as mulleres que, reunindo estes requisitos, xa **percibisen con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero¹.**

A contía económica é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o **máximo de doce mensualidades**, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. **A contía** que pode acadar a axuda **establécese** en función das rendas e ingresos da solicitante en relación **co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente**, de acordo coas seguintes especificacións:

Ingresos	Contía mensual
Ingresos $\leq$ IPREM vixente. Carácter xeral	600 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas $\geq 33\%$	650 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en	700 €

¹ O mencionado artigo 27 establece que, cando as vítimas de violencia de xénero carecesen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, sempre que se presuma que debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por devandita circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

acollida a cargo	
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	800 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro	800 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM. Carácter xeral	300 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$	350 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo	400 €
Ingresos $>$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	500 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro	500 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM . Carácter xeral	200 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$	250 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	300 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo	300 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$	400 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro	400€

4. ESTUDO DE SEGUIMENTO

4.1. Análise da prestación no período 2006 - 2024

Orzamento da prestación

Na seguinte táboa detállanse as anualidades e ampliacións orzamentarias dende o comezo da prestación no ano 2006 ata o ano 2024.

65.885.027,61€

ORZAMENTO TOTAL PERÍODO 2006 - 2024

19 ANUALIDADES CONTINUADAS

8.068 BENEFICIARIAS

Exercicio económico	Anualidades Incluídas		Ampliacións orzamentarias	Importe total
Exercicio 2006	Anualidade 2006	Anualidade 2007	Ampliación 2006	Importe total
Convocatoria plurianual 2006-2007	1.100.000 €	550.000 €	105.300 €	1.755.300 €
Exercicio 2007	Anualidade 2007	Anualidade 2008	Ampliación 2007	Importe total
Convocatoria plurianual 2007-2008	263.400 €	50.000 €	1.302.000 €	2.230.400 €
Exercicio 2008	Anualidade 2008	Anualidade 2009	Ampliación 2008	Importe total
Convocatoria plurianual 2008-2009	965.000 €	1.141.000 €	294.589 €	2.400.589 €

PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Exercicio 2009	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Ampliación 2009	Importe total
Convocatoria plurianual 2009-2010	628.500 €	798.700 €	535.050 €	1.962.250 €
Exercicio 2010	Anualidade 2010	Anualidade 2011	Ampliación 2010	Importe total
Convocatoria plurianual 2010-2011	900.000 €	630.000 €	841.127 €	2.371.127 €
Exercicio 2011	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Ampliación 2011	Importe total
Convocatoria plurianual 2011-2012	970.000 €	1.120.000 €	300.000 €	2.390.000 €
Exercicio 2012	Anualidade 2012	Anualidade 2013	Ampliación 2012	Importe total
Convocatoria plurianual 2012-2013	1.276.650 €	1.120.000 €	218.888,66 €	2.615.536,66 €
Exercicio 2013	Anualidade 2013	Anualidade 2014	Ampliación 2013	Importe total
Convocatoria plurianual 2013-2014	688.850 €	1.120.000 €	312.660,65 €	2.121.510,65 €
Exercicio 2014	Anualidade 2014	Anualidade 2015	Ampliación 2014	Importe total
Convocatoria plurianual 2014-2015	750.150 €	1.155.000 €	345.150 €	2.250.300 €
Exercicio 2015	Anualidade 2015	Anualidade 2016	Ampliación 2015	Importe total
Convocatoria plurianual 2015-2016	578.380,49 €	1.176.000 €	664.006,87 €	2.418.387,36 €
Exercicio 2016	Anualidade 2016	Anualidade 2017	Ampliación 2016	Importe total
Convocatoria plurianual 2016-2017	728.382 €	1.303.562 €	391.237 €	2.423.181,40 €
Exercicio 2017	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Ampliación 2017	Importe total
Convocatoria plurianual 2017-2018	1.942.950 €	2.100.000 €	0,00 €	4.042.950 €
Exercicio 2018	Anualidade 2018	Anualidade 2019	Ampliación 2018	Importe total
Convocatoria plurianual 2018-2019	1.600.000 €	2.100.000 €	958.927,30 €	4.658.927,30 €


Exercicio 2019	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Ampliación 2019	Importe total
Convocatoria plurianual 2019-2020	2.350.000 €	2.800.000 €	144.965,89 €	5.294.965,89 €
Exercicio 2020	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Ampliación 2020	Importe total
Convocatoria plurianual 2020-2021	2.521.000 €	2.800.000 €	126.465 €	5.447.465 €
Exercicio 2021	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Ampliación 2021	Importe total
Convocatoria plurianual 2021-2022	2.250.000 €	2.800.000 €	195.648,55 €	5.245.648,55 €
Exercicio 2022	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Ampliación 2022	Importe total
Convocatoria plurianual 2022-2023	2.250.000 €	2.800.000 €	0,00 €	5.050.000 €
Exercicio 2023	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Ampliación 2023	Importe total
Convocatoria plurianual 2023-2024	2.634.992 €	2.974.994 €	0,00 €	5.609.986 €

Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico 2006 – 2024

En concreto, o orzamento no exercicio 2024, convocatoria plurianual 2024 - 2025, foi o seguinte:

Exercicio 2024	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Ampliación 2024	Importe total
Convocatoria plurianual 2024-2025	2.425.000 €	2.974.994 €	196.508,80 €	5.596.502,80 €

Tal e como se pode apreciar na seguinte gráfica, a tendencia orzamentaria é alcista.



Gráfica 1. Evolución do orzamento no período 2006 - 2024


O **orzamento no ano 2024 foi de 5.596.502,80 €**, o que supón un **aumento de 3.841.202,80 € con respecto a 2006**.

5.596.502,80 €
DE ORZAMENTO PARA 2024

O ORZAMENTO DO ÚLTIMO ANO
AUMENTOU 3.841.202,80€
DENDE O PRIMEIRO ANO 2006

Evolución do número de solicitudes

Evolución do número de solicitudes no período 2006 - 2024



Gráfica 2. Evolución do número de solicitudes no período 2006 - 2024

Dende os inicios da prestación periódica recibíronse un total de once mil trescentas corenta solicitudes (11.340 solicitudes). O total de solicitudes nos primeiros dez anos tivo unha tendencia á baixa, cun mínimo de 400 solicitudes no ano 2016. Sen embargo, dende o ano 2016 produciuse un forte aumento do número de solicitudes, ata acadar o **máximo de 881 solicitudes no ano 2023**.




11.340

**SOLICITUDES
RECIBIDAS DENCE O
ANO 2006**

2023 FOI O ANO CUN MAIOR NÚMERO
DE SOLICITUDES: **881**

Evolución do número de solicitudes por provincia no
período 2006 - 2023



Gráfica 3. Evolución do número de solicitudes por provincia no período 2006 – 2024

Máis de 7 de cada 10 solicitudes no ano 2024 pertencen ás provincias da Coruña e Pontevedra.

En concreto, as solicitudes ao longo do 2024 distribuíronse do seguinte xeito:

- O 40,72% das solicitudes producíronse na provincia da Coruña
- O 32,86% na provincia de Pontevedra
- O 17,01% na provincia de Ourense
- E o 9,41% na provincia de Lugo.

De acordo coa serie histórica, dende o ano 2006 ata o ano 2024 a **provincia que presentou un maior incremento do número de solicitudes foi a provincia de Lugo**, cun incremento dun 16%, seguida da provincia de Ourense cun 12% e de Pontevedra cun 3%. Pola contra, a provincia da Coruña presenta una diminución no número de solicitudes dun 10% desde o ano 2006 ata o 2024.

Porén, se observamos o incremento de solicitudes dende o ano 2016 (ano de cambio de tendencia no número de solicitudes) ata o ano 2024, é Ourense a provincia que, dende o ano 2016, presenta un crecemento maior de solicitudes, cun 222%, seguida de Lugo cun 109%, A Coruña cun 93% e Pontevedra cun 59%. Finalmente, **o aumento total do número de solicitudes recibidas nestes oito anos (2016 - 2024) é dun 94%.**



**DENDE O 2016 O NÚMERO DE
SOLICITUDES AUMENTOU UN 94%**


**A CORUÑA TEN O MAIOR NÚMERO DE
SOLICITUDES NO 2024 CON PRETO DUN
41% DO TOTAL**

Evolución do número de concesións

Dende o ano 2006 a porcentaxe de concesións tivo unha tendencia alcista progresiva, ata situarse nunha media dun 78% nos últimos 10 anos (2014 - 2024), fronte ao 71% de todo o período (2006 - 2024).

Neste sentido, o ano 2024 en termos de porcentaxe de prestacións concedidas, superou a media dos últimos 10 anos (por enriba do ano 2023 en máis dun 7%).

Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes do período 2006 - 2024




Gráfica 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes no período 2006 - 2024

**NOS ÚLTIMOS 10 ANOS SUPERÁRONSE O
78% DAS CONCESIÓNS SOBRE O NÚMERO
DE SOLICITUDES RECIBIDAS**

O 2023 FOI O ANO CON MÁIS CONCESIÓNS DENDE O 2006, EN TOTAL **678**

Non obstante, aínda que o 2023 foi o período con maior número absoluto de concesións (678), foi o ano 2024 onde a porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes é maior, concretamente un 84,15%, con respecto ao 76,96% do ano 2023.


Evolución do número de solicitudes e concesións no período 2006 - 2024



Gráfica 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período 2006 - 2024

Se analizamos os datos do 2024 por provincia, **A Coruña é a que recolle o maior número de solicitudes e de concesións da prestación**, seguida da provincia de Pontevedra e, en menor medida, as provincias de Ourense e Lugo respectivamente.

Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia
no período 2006 - 2024



Gráfica 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por provincia no período 2006 – 2024

As provincias da **Coruña e Pontevedra** representan algo máis dun **75%** das **prestacións periódicas concedidas** dende o ano **2006**, mentres que as provincias de Ourense e Lugo representan algo máis dun 24%.

**A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN MÁIS DO
75% DAS PRESTACIÓNS CONCEDIDAS**

Dende unha análise histórica por provincia, **A Coruña é a que presenta un maior número de prestacións periódicas concedidas, en concreto, preto dun 42% do total de Galicia.** De seguido está a provincia de Pontevedra con algo máis dun 34%, Ourense con algo máis dun 13% e Lugo con case un 11%.

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
2006	140	24	29	82	275
2007	127	36	37	120	320
2008	113	31	31	84	259
2009	77	42	31	67	217
2010	151	45	57	116	369
2011	80	30	34	107	251
2012	145	47	45	125	362
2013	105	43	34	104	286
2014	122	36	50	128	336
2015	133	24	48	134	339
2016	140	28	31	125	324
2017	169	35	52	161	417
2018	246	53	78	206	583
2019	244	56	70	207	577
2020	300	59	86	194	639
2021	256	68	70	218	612
2022	263	68	71	169	571
2023	281	76	114	207	678
2024	262	63	125	203	653
TOTAL	3.354	864	1.093	2.757	8.068

Táboa 2. Evolución do número de concesións por provincia no período 2006 – 2024

A PROVINCIA DA **CORUÑA**
ENCABEZA A MAIOR PORCENTAXE DE
PRESTACIÓNS PERIÓDICAS CONCEDIDAS
CON CERCA DO **42%**

4.2. Análise dos resultados da convocatoria no ano 2024

Neste apartado realizarase unha análise da actividade da Administración Autonómica na xestión das axudas. En concreto, realizarase unha análise dos seguintes aspectos:

1. [Prestacións concedidas](#)
2. [Solicitudes denegadas e desistidas](#)
3. [Acreditación da situación de violencia de xénero](#)
4. [Idade das beneficiarias](#)
5. [Beneficiarias con discapacidade](#)
6. [Situación familiar das beneficiarias](#)
7. [Situación laboral e económica das beneficiarias](#)
8. [Lugar de residencia das beneficiarias](#)
9. [Nacionalidade das beneficiarias](#)
10. [Tipoloxía da violencia sufrida](#)

 **5.596.502,80 €**
DE ORZAMENTO NO ANO 2024

 **653** BENEFICIARIAS


 **MÁIS DE 3,8 MILLÓNS DE € DE**
ORZAMENTO RESPECTO AO ANO 2006

Prestacións concedidas

No ano 2024 recibíronse setecentas sesenta e seis solicitudes (776), das que foron concedidas un total de 84,15% (653 prestacións concedidas).

En relación coa **distribución xeográfica das prestacións, a provincia da Coruña é a que ten un maior número de solicitudes presentadas (316)**, das cales foron concedidas 262, dando como resultado unha porcentaxe de concesión de preto dun 83%. De seguido atópase a provincia de Pontevedra (255), das cales foron concedidas 203, dando como resultado unha porcentaxe de concesión de algo máis dun 79%. Ambas provincias teñen o maior número de concesións, pois a suma de prestacións entre as **dúas provincias é superior ao 71% do total de prestacións concedidas no ano 2024**.


Número de solicitudes, concesións e denegacións
por provincia 2024



Gráfica 7. Número de solicitudes, concesións e denegacións por provincia no ano 2024

**A PROVINCIA DA CORUÑA TEN O MAIOR
NÚMERO DE SOLICITUDES: 316**

Número de solicitudes e concesións por provincia 2024




Gráfica 8. Número de solicitudes e concesións por provincia no ano 2024

**84% DAS SOLICITUDES
PRESENTADAS NO 2024 FORON
CONCEDIDAS**

Se analizamos a porcentaxe de solicitudes concedidas respecto do número de solicitudes presentadas, a **provincia de Ourense** conta coa porcentaxe de resolucións favorables máis alta da comunidade autónoma, cun **94,7%**, seguida da **provincia de Lugo**, cun **86,3%** de concesións respecto das solicitudes.

A PROVINCIA DE OURENSE TEN A PORCENTAXE DE CONCESIÓNS DE SOLICITUDES MÁIS ALTA DE GALICIA CUN **94,7%**

Porcentaxe de concesións da prestación periódica
por provincias no ano 2024



Gráfica 9. Porcentaxe de concesións da prestación periódica por provincias no ano 2024


No ano 2024 foron concedidas un total de 653 solicitudes, das cales, as presentadas na provincia da Coruña representan o 40,12%, seguido da provincia de Pontevedra, que supoñen o 31,09% do total de prestacións concedidas. No terceiro posto atópase a provincia de Ourense, que acadou o 19,14% das concesións totais e, finalmente, a provincia de Lugo, cun total de 9,65% de prestacións concedidas.

A nivel autonómico, **as provincias de Ourense, Lugo e Coruña teñen un**

maior peso na porcentaxe de prestacións concedidas fronte ao de prestacións solicitadas.


Pola contra, a provincia de Pontevedra é a que presenta unha menor porcentaxe de prestacións concedidas fronte as solicitadas.

Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia con respecto ao total de prestacións 2024



Gráfica 10. Porcentaxe de concesións e solicitudes por provincia, con respecto ao total de prestacións no ano 2024


Porcentaxe de concesións segundo as solicitudes recibidas en cada provincia 2024



Gráfica 11. Porcentaxe de concesións segundo as solicitudes recibidas por provincia no 2024

Na [táboa 1](#), que fai referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, podemos observar como, no referente ao 2024, concedeuse algo máis dun 76% do total do orzamento. En concreto, concedeuse un 65% no exercicio 2023 e preto dun 35% durante o ano 2024.

A provincia da Coruña é a provincia que recibe un maior importe, con 1.714.700€, seguida da provincia de Pontevedra con 1.324.450€, a provincia de Ourense con 826.750€ e a provincia de Lugo con 411.000€.



Gráfica 12. Prestacións concedidas por provincia e exercicio económico

A CORUÑA É A PROVINCIA CUN MAIOR IMPORTE CONCEDIDO:

1.714.700€




Solicitudes denegadas e desistidas

Das **776 solicitudes** que foron presentadas no ano 2024, **73 foron denegadas** (9,41 %). O motivo da denegación foi o non cumprimento dalgún requisito definido na convocatoria.

De igual forma, **destas 776 solicitudes, 50 foron desistidas** (6,44%) e esta desistencia é debido a dúas causas:

- **Por desistencia expresa da solicitude** foron 18 as solicitudes desistidas (representando o 36% das solicitudes desistidas).
- **Por non emendar o requirimento de documentación** foron 32 as solicitudes desistidas (representando o 64% das solicitudes desistidas).


Motivos de denegación/desistencia de solicitudes



Gráfica 13. Resolucións desfavorables segundo a causa de denegación/desistencia da solicitude no ano 2024

A provincia de A Coruña é a que presenta o maior número de resolucións desfavorables, en concreto, **o 43,90% do total de solicitudes denegadas ou desistidas do conxunto de Galicia**. Ademais, a **provincia de A Coruña é a que ten un maior número de solicitudes denegadas a causa de non cumprir todos os requisitos da convocatoria** (46,58% de tódalas solicitudes denegadas na provincia).


Solicitudes desfavorables por motivo de denegación/desistencia por provincia 2024



Gráfica 14. Solicitudes desfavorables por motivo de denegación/desistencia e por provincia no ano 2024

Acreditación da situación de violencia de xénero

Na convocatoria do ano 2024, as acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero, vítima de explotación sexual e/ou vítima de trata con fins de explotación sexual realizáronse a través dos seguintes medios:



Gráfica 15. Acreditación da situación de violencia de xénero

MÁIS DO **85%** DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON MEDIDAS XUDICIAIS


Tipo de acreditación	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Orde de protección ou medida cautelar	102	53	66	65	286
Sentenza	125	5	33	98	261
Informe do Ministerio Fiscal	1	3	2	6	12
Informe das FCS	2	0	12	2	16
Informe dos Servizos ou Sanitarios	28	2	12	28	70
Informe dos Servizos de Acollida	4	0	0	4	8
TOTAL	262	63	125	203	653

Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia no ano 2024

Idade das beneficiarias

Máis do 70% das beneficiarias teñen menos de 46 anos e **5 de cada 10 mulleres beneficiarias teñen unha idade comprendida entre os 26 e 45 anos**. Máis do 25% das beneficiarias teñen unha idade superior aos 45 anos.

Porcentaxe de beneficiarias da prestación por
tramo de idade 2024



Gráfica 16. Porcentaxe de beneficiarias da prestación por tramo de idade

○ **71,67% DAS BENEFICIARIAS
TEÑEN MENOS DE 46 ANOS**

Beneficiarias con discapacidade


A prestación periódica tamén contempla a **situación de especial vulnerabilidade cando a beneficiaria ou os seus fillos/as dependentes teñan algunha discapacidade**. Recoller esta situación dá pé a poder conceder unha maior contía ás beneficiarias que acrediten unha discapacidade maior ou igual ao 33%, ou que teñan un ou máis fillos/as cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

No ano 2024, do total das beneficiarias desta prestación, **50 mulleres acreditaban algún tipo de discapacidade**.

7,66% DO TOTAL DE BENEFICIARIAS TEÑEN ACREDITADA UNHA DISCAPACIDADE



Porcentaxe de beneficiarias con discapacidade por
provincia 2024




Gráfica 17. Porcentaxe de beneficiarias con discapacidade por provincia no ano 2024

O 43,99% de beneficiarias con discapacidade reside na provincia da Coruña; seguido da provincia de Pontevedra, cun 24,02%. Nas provincias de Ourense e Lugo a porcentaxe de beneficiarias con discapacidade diminúe ata o 18,02% en Ourense e ata o 13,97% en Lugo.

Tal e como se fai mención anteriormente, a prestación tamén contempla aquelas circunstancias nas que a perceptora da prestación ten fillas/os con discapacidade ao seu cargo. En total, as perceptoras da prestación con menores ao seu cargo con algún tipo de discapacidade representan o 3,98% do total das beneficiarias (26).

Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias 2024



Gráfica 18. Porcentaxe de fillas/os de beneficiarias con algunha discapacidade acreditada por provincias no ano 2024

Situación familiar das beneficiarias

Máis da metade das beneficiarias teñen un ou máis fillos e fillas, en concreto, o 51,15% das beneficiarias teñen, polo menos, un fillo/a, e o 23,12% das mulleres que reciben a prestación periódica teñen dous o máis fillas/os menores ao seu cargo.


Nº de fillas/os	Nº de beneficiarias	%	Total fillas/os
0 filla/o	319	48,85%	0
1 filla/o	183	28,02%	183
2 fillas/os	121	18,53%	242
3 fillas/os	27	4,13%	81
4 fillas/os	2	0,31%	8
5 fillas/os	1	0,15%	5

Táboa 4. Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores a cargo no ano 2024

En total, no ano 2024, 519 nenas e nenos estiveron a cargo de mulleres beneficiarias da prestación periódica.


MÁIS DO **51%** DAS BENEFICIARIAS TEÑEN FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO

Beneficiarias por número de fillas/os menores a cargo
2024



Gráfica 19. Beneficiarias por número de fillas/os menores a cargo no ano 2024

Porcentaxe total de fillas/os menores a cargo das
beneficiarias por provincia 2024




Gráfica 20. Porcentaxe total de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2024

Dos 519 menores a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero, 245 eran nenas e 274 nenos.

**52,79% DAS PERSOAS MENORES
AO CARGO DAS BENEFICIARIAS
SON RAPACES**

En relación á distribución xeográfica, **na provincia da Coruña residen case a metade do total dos menores a cargo das perceptoras da prestación periódica.**

Número de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia 2024



Gráfica 21. Número de fillas/os menores a cargo das beneficiarias por provincia no ano 2024

Situación laboral e económica das beneficiarias

PRETO DO **75%** DAS BENEFICIARIAS
SON MULLERES DESEMPREGADAS


Segundo o seu ámbito xeográfico de residencia, **o 29,10% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia da Coruña**, seguida de Pontevedra, onde residen o 23,12% das beneficiarias desempregadas. Na provincia de Ourense, atópanse desempregadas o 15,01% das mulleres beneficiarias e, na provincia de Lugo, o 7,66% das beneficiarias non teñen emprego.

Provincia	Desempregadas	Empregadas	Total
A Coruña	190	72	262
Lugo	50	13	63
Ourense	98	27	125
Pontevedra	151	52	203
TOTAL	489	164	653

Táboa 5. Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen no ano 2024

Un total de **164 mulleres beneficiarias da prestación periódica están empregadas, e o 75,61% destas residen nas provincias de Pontevedra (52) e A Coruña (72).**

Porcentaxe de mulleres empregadas e desempregadas por provincia 2024




Gráfica 22. Porcentaxe de mulleres empregadas e desempregadas por provincia no ano 2024

En relación ao nivel de ingresos das mulleres beneficiarias, o 71,36% destas teñen ingresos inferiores ao IPREM.

O valor do IPREM no ano 2024 foi de 600,00€ mensuais e 8.400,00€ en 14 pagas.

A Coruña é a provincia cun maior número de beneficiarias con ingresos inferiores ao IPREM, con 185 beneficiarias, o que supón un 28,33% do total de beneficiarias en Galicia. De seguido, atópase a provincia de Pontevedra, con 143 mulleres beneficiarias, a provincia de Ourense, con 92, e a provincia de Lugo, con 46 mulleres beneficiarias con ingresos inferiores ao IPREM.

Beneficiarias segundo o nivel de ingresos e provincia 2024



Gráfica 23. Número de beneficiarias segundo o nivel de ingresos e provincia no ano 2024


Lugar de residencia das beneficiarias

En termos territoriais, a maioría das beneficiarias residen en zonas non urbanas, sendo as **mulleres residentes en zonas intermedias ou pouco poboadas o 54,36% das beneficiarias totais**. Pola contra, 298 beneficiarias atópanse nas ZDP (Zonas Densamente Poboadas²): A Coruña, Ferrol, Santiago

² Poden existir variacións respecto aos totais semestrais por provincia dado que hai beneficiarias que cambian de concello durante a tramitación/percepción.

de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que concentran o 45,64% restante.

Beneficiarias residentes nas principais cidades galegas máis poboadas 2024



Gráfica 24. Beneficiarias residentes nas cidades galegas máis poboadas no ano 2024


O 71,21% das mulleres beneficiarias residen nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que na provincia de Lugo e Ourense residen o 28,79%.

3 Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2016).

ZDP: Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km² e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.


ZIP: Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

ZPP: Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.



Gráfica 25. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización e concello no ano 2024

No ano 2024, **nun total de 172 áreas municipais non se presentaron beneficiarias da prestación periódica**; 63 municipios teñen unha única beneficiaria (1); 27 municipios teñen un total de dúas beneficiarias (2) e os 46 municipios restantes, sen ter en conta as cidades galegas ZDP, teñen unha media de entre 3 e 15 beneficiarias.



Gráfica 26. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización por provincias no ano 2024

Nacionalidade das beneficiarias

As beneficiarias da prestación periódica no ano 2024 proceden dun total de 30 nacionalidades diferentes á española. **En concreto, a proporción de beneficiarias españolas achégase ao 69,68% e a porcentaxe de beneficiarias estranxeiras responde ao 30,32% das prestacións outorgadas no ano 2024.**

Nacionalidade	Nº de beneficiarias	%
Española	455	69,68 %
Estranxeira	198	30,32 %
TOTAL	653	100,00 %

Táboa 6. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2024

Sobre o total de beneficiarias da prestación, **o 24,50% teñen a súa orixe nos países latinoamericanos**, representando á súa vez o 80,81% das beneficiarias estranxeiras.

CASE 7 DE CADA 10 BENEFICIARIAS SON ESPAÑOLAS




Nacionalidade	Nº de beneficiarias	%
España	455	69,68 %
Alxeria	1	0,15 %
Arxentina	3	0,46 %
Bolivia	2	0,31 %
Brasil	26	3,98 %
Bulgaria	2	0,31 %
Cabo Verde	1	0,15 %
Chile	1	0,15 %
Colombia	57	8,73 %
Cuba	5	0,77 %
Ecuador	1	0,15 %
Egipto	1	0,15 %
Francia	1	0,15 %
Georgia	1	0,15 %
Honduras	2	0,31 %
Hungría	1	0,15 %
Italia	3	0,46 %
Marrocos	11	1,68 %
México	3	0,46 %
Nicaragua	2	0,31 %
Nixeria	1	0,15 %
Panamá	1	0,15 %
Paraguai	11	1,68 %
Perú	20	3,06 %
Portugal	7	1,07 %
Reino Unido	1	0,15 %
República Dominicana	4	0,61 %
Romanía	7	1,07 %
San Salvador	3	0,46 %
Uruguai	1	0,15 %
Venezuela	18	2,76 %
TOTAL	653	100,00 %

Táboa 7. Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2024 segundo países

Tipoloxía da violencia sufrida

Do total de beneficiarias da prestación periódica, 653 mulleres (que corresponden cunha porcentaxe do 96,17%) son vítimas de **violencia de xénero (violencia física e violencia psicolóxica)**.

Doutro lado, **21 mulleres son vítimas da trata con fins sexuais e 4 son vítimas de explotación sexual, reflectindo unhas porcentaxes do 3,22% e do 0,61% respectivamente.**



Gráfica 27. Tipoloxía da violencia sufrida no ano 2024

O número de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2024 ascende a 21. Dentro do total de mulleres vítimas, 20 teñen **nacionalidade estranxeira**, e todas elas **presentaron** no momento da solicitude **Informe FCS (15), Informe dos Servizos Sociais e Sanitarios (5) ou Sentenza (1)**.


Nacionalidade	Nº beneficiarias
Brasil	2
Colombia	12
México	3

Perú	1
Romanía	1
San Salvador	1
España	1
TOTAL	21

Táboa 8. Beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2024

20 DAS 21 BENEFICIARIAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL SON **ESTRANXEIRAS**

A idade das vítimas de trata con fins de explotación sexual é menor dos 55 anos, sendo **as vítimas de entre os 26 e 45 anos as maioritarias**, máis en concreto supoñen o 57,14%.



**DAS VÍTIMAS DE TRATA CON
FINS DE EXPLOTACIÓN
SEXUAL TIÑAN MENOS DE 55
ANOS**

Das 21 mulleres identificadas como vítimas de trata con fins de explotación sexual, **a maior parte —un total de 12— atópanse na provincia de Ourense**. A continuación sitúanse as provincias da Coruña e Pontevedra, con 4 mulleres en cada unha, mentres que en Lugo só se rexistrou un caso.

No ano 2024 rexistrouse un total de 4 mulleres vítimas de explotación sexual, das cales a metade son de nacionalidade colombiana. Ningunha delas posúe nacionalidade española.

Nacionalidade	Nº beneficiarias
Colombia	2
Portugal	1
Venezuela	1
Total	4

Táboa 9. Beneficiarias vítimas de explotación sexual segundo a súa nacionalidade no ano 2024

Das 4 mulleres vítimas de explotación sexual, a maioría – 3 delas – teñen idades comprendidas entre os 36 e os 45 anos, mentres que só unha se atopa na no grupo de idade de entre 26 e 35 anos.


En relación co seu lugar de residencia, 3 delas viven na provincia de Ourense e unha na da Coruña. Estes datos reflicten que nas provincias de Lugo e Pontevedra non se rexistraron vítimas de explotación sexual que estean a percibir a prestación periódica.

No que respecta a violencia vicaria, no ano 2024 non se rexistrou ningún caso.

4.3. Análise comparativa dos resultados das convocatorias 2023 e 2024

No ano 2024 recibíronse 105 solicitudes menos que no ano 2023, pasando de 881 no 2023 a 776 solicitudes no 2024.

Distribución xeográfica por provincia



Gráfica 28. Número de solicitudes e concesións por provincia, comparativa 2023 - 2024

No período do **2023 ao 2024 produciuse unha diminución en todas as provincias, tanto do número de solicitudes como do número de concesións, excepto na provincia de Ourense, onde houbo máis concesións no 2024 que no 2023**. A provincia de Lugo é a que presenta unha diminución maior en termos relativos, cunha diminución do 21,51% no número de solicitudes e dun 17,11% no número de concesións, seguida da provincia de Pontevedra, cunha diminución do 12,37% en solicitudes e moito menos en

concesións (1,93%), e das provincias de A Coruña e Ourense, cunha diminución dun 10,48% e 8,33% respectivamente, no número de solicitudes, e unha diminución dun 6,76% nas concesións en Coruña e un incremento dun 9,65% nas concesións en Ourense.

En total, para toda Galicia, de 2023 a 2024 diminuíron nun 11,92% o número de solicitudes e nun 3,69% o número de concesións.

A provincia de Lugo experimentou unha diminución de máis dun **17% tanto no nº de solicitudes como no nº de concesións**

Acreditación da situación de violencia de xénero

No ano 2024, o número de prestacións concedidas sobre a base da acreditación da situación de violencia a través de orde de protección ou sentenza diminuíu nun 0,73%, pasando de 551 a 547.

Tipo de acreditación	Total 2023	Total 2024
Orde de protección ou medida cautelar	327	286
Sentenza	224	261
Informe Mº Fiscal	8	12
Informe FCS	12	16
Informe servizos sociais ou sanitarios	97	70
Informe servizos de acollida	10	8
TOTAL	678	653

Táboa 10. Medio de acreditación da condición de violencia de xénero

Idade

Facendo referencia á distribución por idade, **diminuíu o número e a representatividade das mulleres menores de 46 anos no 2024, pasando dun 73,16% do total das beneficiarias no 2023 a un 71,67%.**

O grupo máis numeroso de mulleres que cobran a prestación periódica é aquel con idades comprendidas entre os 26 e os 35 anos, cun 28,48% do total, seguido do grupo con idades comprendidas dos 36 aos 45 anos, cun 28,02%, do que vai entre os 46 e os 55 anos, cun 19,45%, do que comprende entre os 21 e os 25 anos, cun 11,49%, do que agrupa dos 56 aos 65 anos, cun 6,13%, o de menores de 21 anos, cun 3,68% e o de máis de 66 anos, cun 2,76%.

**DO ANO 2023 AO 2024 AUMENTOU UN
2,78% A PORCENTAXE DE BENEFICIARIAS
DE IDADE COMPRENDIDA ENTRE 46 E 55
ANOS**


Situación de discapacidade

No ano 2024, 50 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade (o 7,66% do total das beneficiarias), mentres que no ano 2023 eran 53 as mulleres beneficiarias cunha discapacidade (o 7,82% do total das beneficiarias).

Do total de mulleres que acreditan ter algunha discapacidade, a provincia da Coruña presenta o maior número, con 23 mulleres nesta situación, das cales 16 teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33% e as 7 restantes alcanzan unha discapacidade igual ou superior ao 65%. Segue a provincia de Pontevedra, con 12 mulleres que acreditan discapacidade, 10 delas cun grao igual ou superior ao 33% e as outras 2 cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

No caso de Ourense, contabilízanse 9 beneficiarias con discapacidade, das que 7 teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33% e 2 igual ou superior ao 65%. Por último, en Lugo o número de beneficiarias con discapacidade é de 6 mulleres, 4 delas cun grao igual ou superior ao 33% e 2 cun grao igual ou superior ao 65%.

Porcentaxe de beneficiarias segundo presenta ou non algunha discapacidade




Gráfica 29. Porcentaxe de beneficiarias que acreditan discapacidade

No referente a análise das fillas/os menores a cargo das beneficiarias, pasouse de 20 menores que tiñan acreditada unha discapacidade no ano 2023 a 26 menores no ano 2024.

A provincia de Pontevedra presenta o maior número de fillos/as menores con discapacidade, cun total de 13 casos, dos cales 11 teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e 2 cun grao igual ou superior ao 65%. Na provincia da Coruña rexístranse 8 menores con discapacidade, entre os que 5 teñen un grao igual ou superior ao 33%, 2 cun grao igual ou superior ao 65% e 1 cun recoñecemento de grao de dependencia. En Lugo, os 3 fillos/as menores con discapacidade teñen todos un grao igual ou superior ao 33%. Finalmente

en Ourense, un menor presenta un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% e outro menor conta con recoñecemento da situación de dependencia.

Porcentaxe de fillos/as de beneficiarias segundo presenta ou non algunha discapacidade



- Beneficiarias con algún fillo/a que non presenta discapacidade
- Beneficiarias con algún fillo/a con discapacidade

Gráfica 30. Porcentaxe de fillos/as de beneficiarias con discapacidade

Fillas/os a cargo

En relación á situación familiar, no ano 2024 o 51,15% das beneficiarias (334 mulleres) tiñan polo menos unha filla ou un fillo menor ao seu cargo, mentres que no ano 2023 esa cifra representaba o 54,57% das beneficiarias (370 mulleres).

2024			2023	
Nº de fillas/os	Nº beneficiarias	Total fillas/ os	Nº beneficiarias	Total fillas/os
0 fillas/os	319	0	308	0
1 fillas/os	183	183	212	212
2 fillas/os	121	242	128	256
3 fillas/os	27	81	27	81
4 fillas/os	2	8	2	8

5 fillas/os	1	5	1	5
TOTAL	653	519	678	562

Táboa 11. Número de beneficiarias con fillas/os a cargo, comparativa 2023 - 2024

Segundo o número de fillas/os das beneficiarias, un 23,12% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo, dato algo inferior ao 23,3% do ano 2023. Do total de menores a cargo das beneficiarias, o 52,49% son nenos e o 47,51% nenas.

Tendo en conta a distribución xeográfica, no ano 2024 a provincia con máis menores a cargo de mulleres beneficiarias é A Coruña, cun 41,89% do total. O resto dos cativos residen: un 31,79% na provincia de Pontevedra, un 18,11% na provincia de Ourense e un 8,29% na provincia de Lugo.

Case o **42%** DAS FILLAS/OS DAS BENEFICIARIAS RESIDEN NA PROVINCIA DA CORUÑA

Situación laboral

A situación laboral das beneficiarias é de desemprego nun 74,89% dos casos. Do ano 2023 ao ano 2024 a porcentaxe de mulleres beneficiarias da prestación periódica que están empregadas aumenta dun 22,27% a un 25,11%.

As beneficiarias cun posto de traballo residen principalmente na provincia da Coruña, con 72 mulleres no 2024 fronte a 61 no 2023, seguida da provincia de Pontevedra, con 52 mulleres empregadas no 2024 fronte as 41 do 2023, da provincia de Ourense, con 27 mulleres empregadas no 2024 fronte as 35 do 2023, e da provincia de Lugo, con 13 mulleres empregadas no 2024 fronte as 14 mulleres no 2023.

	2024		2023	
Provincia	Desempregadas	Empregadas	Desempregadas	Empregadas
A Coruña	190	72	220	61
Lugo	50	13	62	14
Ourense	98	27	79	35
Pontevedra	151	52	166	41
TOTAL	489	164	527	151

Táboa 12. Situación laboral das mulleres beneficiarias, comparativa 2023 - 2024


Distribución polo grao de densidade de poboación

En termos territoriais, no 2024 diminuíu o número de receptoras da prestación periódica en zonas rurais. **As mulleres que viven no rural son un 54,36% do total das beneficiarias da prestación periódica** (un 4,19% menos que no 2023).

Neste sentido, as **zonas menos poboadas**, clasificadas como **zonas intermedias** de poboación **ou zonas pouco poboadas, é onde residen maioritariamente as beneficiarias da prestación.**

No 2024 diminúe o peso relativo das zonas intermedias de poboación, lugar de residencia do 34,46% das beneficiarias no 2024 (fronte ao 39,23% no 2023), ao mesmo tempo que se aprecia unha caída nas zonas pouco poboadas e densamente poboadas.

Beneficiarias da prestación por grao de urbanización comparativa 2023 - 2024



Gráfica 31. Beneficiarias da prestación por grao de urbanización, comparativa 2023 - 2024

Nacionalidade

A información relativa á nacionalidade das **beneficiarias confirma unha menor representatividade das mulleres con nacionalidade española**. É preciso mencionar que o nº de mulleres españolas beneficiarias da prestación reduciuse en algo máis de medio punto porcentual, dende o 70,35% ata o 69,68%.

Neste último ano 2024 a porcentaxe de beneficiarias con nacionalidade latinoamericana incrementase ata o 24,04% do total (fronte ao 22,12% do ano anterior 2023).

Por nacionalidade, Colombia é o país con maior incremento dende o ano 2023, xa que o número de beneficiarias neste ano 2024 (57) é de 13 mulleres máis que no ano anterior (44). A situación inversa dáse coas mulleres venezolanas, que diminuíron a súa representatividade en 7 mulleres, pasando de 25 a 18 beneficiarias.

Tipoloxía da violencia sufrida

➤ **Vítimas de trata con fins de explotación sexual**

Respecto á tipoloxía da violencia sufrida, aumentaron os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de 13 casos acreditados no 2023 a 21 casos acreditados no 2024. Do mesmo xeito, estas vítimas pasan de representar o 1,92% no 2023 ao 3,22% no 2024 do total de beneficiarias desta prestación.

Estas mulleres son case na súa totalidade de orixe estranxeiro, sendo os seus países de orixe: Colombia, México, Brasil, Perú, Romanía e San Salvador, e só unha muller é de orixe español.

Por outra banda, no ano 2024 non se rexistrou ningunha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual menor de 20 anos, atopándose todas elas entre os 21 e os 55 anos. Soamente unha delas ten fillos ao seu cargo, en concreto dous fillas/os e ningunha acredita discapacidade.

Estas vítimas de trata acreditaron a súa condición principalmente a través de informe das FCS, pero tamén a través de informe dos servizos sociais e sanitarios e sentenza.

**AUMENTARON EN 8 MULLERES OS
CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE
EXPLOTACIÓN SEXUAL, PASANDO DE 13 EN
2023 A 21 BENEFICIARIAS EN 2024**

➤ **Vítimas de explotación sexual**

No ano 2024 as mulleres vítimas de explotación sexual increméntanse nun caso fronte aos resultados do ano anterior, en total, neste ano 2024 houbo 4

mulleres vítimas de explotación sexual que foron beneficiarias da prestación periódica. Polo tanto, as vítimas de explotación sexual representan o 0,61% sobre o total.

Tódalas vítimas teñen nacionalidade estranxeira; en concreto, as nacionalidades das beneficiarias pertencen a Colombia, Portugal e Venezuela.

As vítimas de explotación sexual do ano 2024 atópanse entre os 26 anos e os 45 e das 4 mulleres vítimas de explotación sexual só 1 presenta fillos a cargo e ningunha acredita discapacidade.

Das 4 vítimas de explotación sexual, unha delas acreditou a violencia de xénero mediante Informe do Ministerio Fiscal, outra delas mediante informe FCS, outra mediante informe dos servizos sociais ou sanitarios e outra a través dos servizos de acollida.

➤ **Vítimas de violencia vicaria**

No ano 2024 non se rexistraron mulleres beneficiarias vítimas de violencia vicaria.

5. CONCLUSIONES

O programa de prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero apoia e favorece dende o ano 2006 a independencia económica das vítimas e impulsa o seu empoderamento. A continuación, recóllense os principais datos do programa neste período:

DATOS GLOBAIS

- **Financiamento:** Nos anos de execución concedéronse prestacións por un importe superior a sesenta e cinco millóns de euros, concretamente, 65.688.518,81 €.

65.885.027,61€
ORZAMENTO NO PERÍODO 2006 - 2024

- **Incremento orzamentario:** Dende os inicios da prestación periódica no ano 2006 e ata o 2024, o orzamento aumentou nun 318,94%, pasando de 1.755.300€ a 5.596.502,80 € en 18 anos.
- **Concesións:** Nos últimos dez anos concédese de media o setenta e oito por cento (78%) das solicitudes. En concreto, no último ano 2024 o número de prestacións concedidas ascende 653.
- **Evolución do número de beneficiarias:** As beneficiarias dos últimos cinco anos representan algo máis do 39% do total de mulleres que resultaron beneficiadas por esta prestación desde a súa orixe (ano 2006).

8.068 BENEFICIARIAS DESDE O ANO 2006



- **Beneficiarias no período 2006 - 2024:** O número de beneficiarias da prestación periódica neste período ascendeu a un total de 8.068 mulleres.

Datos relacionados coa prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero no 2024:

**5.596.502,80 € ORZAMENTO
PLURIANUAL ANOS 2024 – 2025**
653 BENEFICIARIAS ANO 2024

- **Orzamento:** O orzamento de 2024 supera en case 3,8 millóns de euros o orzamento do ano 2006.
- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, un 40,12% do conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, seguida de Pontevedra cun 31,09%, Ourense cun 19,14% e, finalmente, Lugo co 9,65% das beneficiarias. Sen embargo, é a provincia de Lugo quen ten a maior proporción de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.
- **Acreditación da situación de violencia de xénero:** Na convocatoria do ano 2024, máis do 85% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia con medidas xudiciais; en concreto, o 43,8%

mediante a orde de protección ou medida cautelar e o 39,97% a través de sentenza xudicial.

- **Idade das beneficiarias:** Máis do 90% das beneficiarias teñen menos de 55 anos e o 56,55 % de mulleres beneficiarias teñen unha idade comprendida entre os 26 e 45 anos.

**43,64% DAS BENEFICIARIAS
DO ANO 2024 SON MENORES DE
36 ANOS**

- **Beneficiarias cunha discapacidade acreditada:** No ano 2024, do total das mulleres beneficiarias desta prestación 50 acreditaban algún tipo de discapacidade.
- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo:** 319 mulleres beneficiarias non teñen fillos/as menores a cargo, isto implica que o 51,15% das beneficiarias da prestación teñen un ou máis fillas/os a cargo.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** Dos/as 519 menores a cargo de mulleres vítimas de violencia de xénero, houbo un total de 245 nenas e 274 nenos.
- **Información laboral e económica das beneficiarias:** Case o 75% das beneficiarias son mulleres desempregadas e o 71,36% teñen ingresos inferiores ao IPREM.

25,11% DAS BENEFICIARIAS
TEÑEN UN EMPREGO, E DESTAS, O
18,99% RESIDEN NAS
PROVINCIAS DA CORUÑA E
PONTEVEDRA

- **Beneficiarias por lugar de residencia:** As provincias da costa atlántica, A Coruña e Pontevedra, concentran algo máis do 71% das mulleres beneficiarias. Máis do 45% das mulleres beneficiarias da prestación periódica residen en Zonas Densamente Poboadas.

45,64% DAS BENEFICIARIAS
DO ANO 2024 RESIDEN EN ZONAS
DENSAMENTE POBOADAS

- **Nacionalidade das beneficiarias:** Case o 70% das mulleres beneficiarias da prestación periódica no ano 2024 son de nacionalidade española.
- **No ano 2024 acreditáronse 21 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual e 4 vítimas de explotación sexual.**

